

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

MUFACE – Reunión de produtividade

15/11/2023

Resumo o tratado na reunión

O mércores 15 de novembro celebrouse a reunión da comisión de seguimento da produtividade de persoal funcionario e laboral de MUFACE.

Persoal Funcionario.

A cantidade a repartir este semestre (01/04/23 a 30/09/2023) é de 340,000 € que se abonará nunha nómina de incidencia de novembro a 678 efectivos de plantilla.

A proposta presentada pola Administración é totalmente continuista:

Propuesta da Admon. estimada de cuantías máximas a percibir por nivel ou grupos:

Nivel	Cuantía unitaria máxima	Porcentaje respecto de la cuantía máxima
Niveles 14-15-16-17-18	444,90 €	56,67%
Niveles 20-22-23	575,75 €	73,33%
Niveles 24	628,09 €	80,00%
Niveles 26	680,43 €	86,67%
Niveles 27	706,60 €	90,00%
Niveles 28	732,77 €	93,33%
Niveles 29	758,94 €	96,67%
Niveles 30	785,12 €	100,00%

Dende a CIG manifestamos o noso **desacordo** e a necesidade de:

- ✓ Incrementar a coantía de produtividade.
- ✓ Negociar unha nova circular de produtividade, e elaborar un novo reparto onde se reduza os 8 grupos establecidos a 3

Niveis 14 a 20

“ 22 a 26

“ 27 a 30

- ✓ Maior incremento de cantidades nos servizos periféricos (niveis 14 a 18) que son o 80% do cadro de persoal e só lles chega o 50% da produtividade, o 20% restante do cadro de persoal que se atopan nos servizos centrais son beneficiarios do 50% restante.
- ✓ Solicitamos a maiores un incremento lineal da produtividade mensual.

Persoal Laboral

Neste segundo trimestre non se fixo efectiva a proposta realizada pola CIG e aprobada por esta comisión de seguimento de pasar 3000€ asignado a horas extraordinarias, 1500€ para o ano 2023 e os outros 1500€ para 2024 a incrementar a produtividade do persoal laboral. Polo que seguimos apostando polo reparto lineal.